

CONCLUSIÓNS DA XORNADA SOBRE O CABALO GALEGO DE MONTE RÁBADE, 21 de decembro de 2013

O pasado 21 de decembro de 2013, arredor de trinta persoas déronse **cita en Rábade con motivo da Xornada sobre o Cabalo Salvaxe en Galicia**, organizada pola Asociación Galega de Custodia do Territorio (AGCT) e a Deputación Provincial de Lugo.

Nesta xornada púxose de manifesto que:

1. **As poboacións de cabalos que viven nos montes de Galicia constitúen un valor natural e patrimonial en si mesmas.**
 - a. Recentes estudos xenéticos poñen de manifesto que as poboacións de cabalos do noroeste peninsular atesouran unha importante e singular diversidade xenética que permite pensar nunha orixe ancestral destas poboacións.
 - b. Estudos ecolóxicos e etolóxicos, que se están a realizar, amosan características singulares destes équidos salvaxes.
 - c. Manteñen unha estreita relación co home desde hai miles de anos e están presentes en diferentes manifestacións artísticas, etnográficas e culturais.
2. **As poboacións de cabalos que viven nos montes de Galicia constitúen unha peza esencial na dinámica e na conservación dos ecosistemas naturais nos que habitan:**
 - a. **Manteñen a estrutura e diversidade florística dos hábitats de matogueira** nos que adoitan vivir. Algúns destes hábitats, como os **Queirogais húmidos atlánticos de zonas temperadas de *Erica ciliaris* e *E. tetralix*** (Hábitat 4020), son considerados **Hábitats Prioritarios** pola Directiva 92/43 CEE (Directiva Hábitats) e causaron a inclusión de extensas zonas da montaña galega en Rede Natura 2000.
 - b. **Constitúen a presa fundamental do superdepredador dos ecosistemas galegos: o lobo.** A presenza de cabalos salvaxes nos montes galegos non só explica a existencia de poboacións de lobo en boa parte da súa área de distribución en Galicia, senón que atenúa a presión depredadora sobre o gando vacún, de maior valor económico, reducindo deste xeito a conflictividade dos gandeiros co lobo.
 - c. **A súa presenza nos montes galegos contribúe ó mantemento da biodiversidade tanto florística como faunística, propiciando a presenza de poboacións variadas e saudables de insectos, e consecuentemente de tódalas cadeas tróficas asociadas, en particular as especies insectívoras, tanto aves coma herpetos, micromamíferos ou morcegos** e os seus depredadores. Moitas destas especies están catalogadas e, entre elas, algunhas ameazadas.
3. **O cabalo salvaxe en Galicia é un recurso cultural e económico relevante,** tanto pola produción cárnica de calidade como polo potencial turístico derivado da súa propia presenza en moitos montes da rexión e o atractivo das festas con eles relacionadas: os afamados curros ou rapas das bestas. Tamén xogan un destacado papel na prevención dos incendios forestais, ao controlar inxentes cantidades de biomasa de matogueira dun xeito máis prolongado, sustentable e económico do que resultaría da utilización de maquinaria. Ao mesmo tempo, fertilizan os terreos onde habitan, algúns deles de repoboación, propiciando o desenvolvemento de especies pratenses.
4. Os asistentes amosan a súa **inquietudanza pola redución que veñen experimentando as súas poboacións.** Entre as circunstancias que están a

favorecer esta redución sinálanse as recentes normativas que afectan aos cabalos salvaxes, como a “Orde de 29 de marzo 2010, pola que se estableceran medidas en relación co sistema de identificación dos équidos na Comunidade Autónoma de Galicia”, que se víu agravada coa promulgación do Decreto 142/2012, do 14 de xuño, polo que se establecen as normas de identificación e ordenación zoonosanitaria dos animais equinos en Galicia. Considérase preciso que as normativas de identificación individual se adapten ás peculiaridades biolóxicas e culturais da poboación equina que habita nos montes de Galicia.

Tendo en conta os valores recoñecidos nos puntos anteriores, os abaixo asinantes, todos eles asistentes a **Xornada sobre o Cabalo Salvaxe en Galicia** celebrada en Rábade o pasado 21 de decembro de 2013, **consideran necesario que as normativas legais contemplan a presenza de cabalos salvaxes e teñan en conta as súas peculiaridades de manexo, os valores naturais que reteñen e os servizos ecosistémicos que prestan**, para que a existencia das poboacións de cabalos salvaxes nos montes de Galicia, e con ela a dinámica natural dos ecosistemas onde habitan, non se vexan comprometidas nun futuro próximo.

Asinantes:

1. Roberto J. Hermida Lorenzo

DNI: 76413613-T

Doutor en Bioloxía

Presidente da Asociación Galega de Custodia do Territorio

2. Santiago Bas López

DNI: 36004932-L

Doutor en Bioloxía.

Asociación LOBO

3. Felipe Bárcena Varela de Limia

DNI: 35957602-T

Especialista en lobo e cabalos salvaxes de Galicia. Instituto de Investigación e Análises Alimentarias, U. S. C.

4. Augusto de Castro Lorenzo

DNI: 32607047-Q

Doutor en Ciencias

Departamento de Zooloxía e Antropoloxía Física. Universidade de Santiago

Presidente de NUMENIUS, Asociación para o Estudio e Conservación da Biodiversidade

5. Xilberte Manso de la Torre

DNI: 34921534-J

Lic. en Filosofía e CC da Educ- Psicoloxía

Profesor de E. S.

Membro da Xunta de Goberno do Instituto de Estudos Miñoranos, sección Etnografía e Bioloxía

Vicepresidente de S.O.S Groba

6. Xavier Álvarez-Blazquez Fernández.

DNI: 35999799-S

Avogado

Secretario da Asociación de Gandeiros de Cabalos do Monte da Groba

7. Sergio Frade Castro

DNI: 36121880-N

Enxeñeiro Técnico Forestal

Landra Consultora Forestal S.L.

8. Laura Lagos Abarzuza

DNI: 36145492-A

Doutora Enxeñeira de Montes

Instituto de Investigación e Análisis Alimentarios, USC.

9. Antón Vázquez Corral.

DNI: 32837768-R

Licenciado en Bioloxía e Veterinaria

Director Técnico da Asociación de Criadores do Cabalo de Pura Raza Galega. PURAGA.

10. Jaime Fagúndez Díaz

DNI: 32668649-R

Doutor en Bioloxía

Profesor da área de Botánica

Universidade da Coruña

11. Xabier Bruña García

DNI: 76718428-L

Enxeñeiro de Montes

Doutorando do IDEGA-USC

12. Ángel Fernández Zas

DNI: 33225886-V

Gandeiro

Sobrado dos Monxes

13. María Rosa Mosquera Losada

DNI: 36063208J

Profesora Titular de Universidad

Universidade de Santiago de Compostela

14. Luis Llana

DNI: 32870984-M

Biólogo

Doutorando -USC

15. Jose Luis Calvo López

DNI: 35282959-Q

ASOCIACIÓN CABALAR MONTE ACIBAL DE AMIL - MORAÑA